

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMG14I0OP	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i> 27-04-20 13:41

Número 2 .- Adopción de medidas en relación coa crise sanitaria provocada por mor do "COVID-19".

Destinatario



A Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela, na sesión ordinaria que tivo lugar o día 27 de abril de 2020 adoptou o seguinte acordo:

**NÚMERO 2 .- ADOPCIÓN DE MEDIDAS EN RELACIÓN COA CRISE SANITARIA PROVOCADA POR MOR DO "COVID-19".**

Ao abeiro do artigo 82.3 do Real Decreto 2658/1986, de 28 de novembro, por vía de urxencia, e por unanimidade dos presentes, introducíronse os seguintes puntos na orde do día:

.../...

**2.2.- PROPOSTA SOBRE O LEVANTAMENTO DA SUSPENSIÓN DA TRAMITACIÓN DO PROCEDEMENTO DE CONTRATACIÓN DO "SERVIZO DE LIMPEZA NOS EDIFICIOS E INSTALACIÓNS DEPENDENTES DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA".**

Dáse conta á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela do director da Área de Réxime Interior, de data 26 de abril de 2020, do seguinte teor:

**"ASUNTO: INFORME-PROPOSTA DA DIRECCIÓN DE ÁREA DE RÉXIME INTERIOR SOBRE O LEVANTAMENTO DA SUSPENSIÓN DA TRAMITACIÓN DO PROCEDEMENTO DE CONTRATACIÓN DO "SERVIZO DE LIMPEZA NOS EDIFICIOS E INSTALACIÓNS DEPENDENTES DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA" (CON/34/2018)**

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMG14/00P	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i> 27-04-20 13:41

**EXPEDIENTE:** servizo de limpeza nos edificios e instalacións dependentes do Concello de Santiago de Compostela (CON/34/2018)

**OBXECTO DO CONTRATO:** o obxecto do presente contrato é a prestación do servizo de limpeza nos edificios e instalacións do Concello de Santiago de Compostela e nos locais conveniados ou cedidos para uso público comunitario.

**I.- ANTECEDENTES:**

En relación coa posibilidade de dar continuidade aos procedementos de contratación durante a vixencia do estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, a responsable da Xefatura de Servizo de Contratación e Servizos Comunitarios, emitiu con data 16 de abril de 2020, o seguinte informe:

**"INFORME DA XEFATURA DO SERVIZO DE CONTRATACIÓN E SERVIZOS COMUNITARIOS SOBRE A POSIBILIDADE DE DAR CONTINUIDADE AOS PROCEDEMENTOS DE CONTRATACIÓN DURANTE A VIXENCIA DO ESTADO DE ALARMA PARA A XESTIÓN DA SITUACIÓN DE CRISIS SANITARIA OCASIONADA POLO COVID-19**

**Límiar:**

Ante a situación de emerxencia de saúde pública e pandemia internacional, o Goberno adoptou o Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19. A contención da progresión da enfermidade supón limitacións temporais á libre circulación xunto coa redución da oferta laboral debido as medidas de corentena e contención. Estas circunstancias se traducen nunha perturbación conxunta de demanda e oferta para a economía española, que afectará as vendas das empresas, xerando tensións de liquidez que poderían derivar en problemas de solvencia e perda de empregos se non se adoptan medidas urxentes de estabilización. Neste contexto, a prioridade absoluta en materia económica radica en protexer e dar soporte ao tecido produtivo e social para minimizar o impacto e lograr que, unha vez rematada a alarma sanitaria, se produza o antes posible un rebote na actividade. A rapidez na evolución dos feitos, a escala nacional e internacional, esixiu a adopción do Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, que declarou o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada por el COVID-19 cuxa Disposición Adicional Terceira ven referida á suspensión de prazos administrativos.

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMG14I0OP	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i> 27-04-20 13:41

A Disposición Adicional Terceira que mencionamos ten o seguinte teor literal:

**"Disposición adicional tercera. Suspensión de plazos administrativos.**

1. Se suspenden términos y se interrumpen los plazos para la tramitación de los procedimientos de las entidades del sector público. El cómputo de los plazos se reanudará en el momento en que pierda vigencia el presente real decreto o, en su caso, las prórrogas del mismo.

2. La suspensión de términos y la interrupción de plazos se aplicará a todo el sector público definido en la Ley 39/2015, de 1 de octubre, del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas.

3. No obstante lo anterior, el órgano competente podrá acordar, mediante resolución motivada, las medidas de ordenación e instrucción estrictamente necesarias para evitar perjuicios graves en los derechos e intereses del interesado en el procedimiento y siempre que éste manifieste su conformidad, o cuando el interesado manifieste su conformidad con que no se suspenda el plazo.

4. Sin perjuicio de lo dispuesto en los apartados anteriores, desde la entrada en vigor del presente real decreto, las entidades del sector público podrán acordar motivadamente la continuación de aquellos procedimientos administrativos que vengán referidos a situaciones estrechamente vinculadas a los hechos justificativos del estado de alarma, o que sean indispensables para la protección del interés general o para el funcionamiento básico de los servicios.

5. La suspensión de los términos y la interrupción de los plazos a que se hace referencia en el apartado 1 no será de aplicación a los procedimientos administrativos en los ámbitos de la afiliación, la liquidación y la cotización de la Seguridad Social.

6. La suspensión de los términos y la interrupción de los plazos administrativos a que se hace referencia en el apartado 1 no será de aplicación a los plazos tributarios, sujetos a normativa especial, ni afectará, en particular, a los plazos para la presentación de declaraciones y autoliquidaciones tributarias."

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMG14I0OP	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i> 27-04-20 13:41

Consideracións xurídicas en relación coa aplicación da Disposición Adicional Terceira do RD 463/2020, de 14 de marzo as licitacións de contratos públicos:

Sobre este particular contamos con as interpretacións que, en aras da seguridade xurídica neste ámbito, foron realizadas tento pola Avogacía do Estado como pola Xunta Consultiva de Contratación do Estado, a saber:

(16/03) Abogacía General del Estado. Criterio de la Subdirección de los Servicios Consultivos de la Abogacía General del Estado sobre la aplicación del RD 463/2020, a las licitaciones pública

(18/03) Abogacía General del Estado. Informe sobre varias cuestiones relacionadas con la suspensión de algún trámite en el procedimiento de contratación. Necesidad de dar audiencia a todos los licitadores. Suspensión por interposición de recurso especial ante el TARC.

(20/03) Abogacía General del Estado. Informe. Consulta sobre la forma en la que habrá de procederse en el momento que pierda vigencia la suspensión de los plazos previstos por el RD 463/2020. Interpretación de la disposición adicional tercera

21/03) Ministerio de Política Territorial y Función Pública. Nota informativa sobre la posibilidad de que los órganos representativos locales y de gobierno (plenos, juntas de gobierno, comisiones de pleno), así como otros órganos colegiados locales (como juntas de contratación) puedan reunirse de manera telemática y adoptar acuerdos durante el estado de alarma.

(23/03) Junta Consultiva de Contratación Pública del Estado. Interpretación de la Disposición adicional tercera del Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, por el que se declara el estado de alarma para la gestión de la situación de crisis sanitaria ocasionada por el COVID19, en relación con las licitaciones de los contratos públicos.

(27/03) Abogacía General del Estado. Cuestiones sobre disposición adicional tercera del Real Decreto 463/2020.

(07/04) Junta Consultiva de Contratación Pública del Estado INFORME DE 7 DE ABRIL DE 2020 de la JCCPE en relación con la suspensión de la tramitación y del cómputo del plazo de interposición del recurso especial en materia de contratación durante el estado de alarma en el caso de los contratos amparados por la disposición adicional 3ª.4

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMG14/00P	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i> 27-04-20 13:41

del real decreto 463/2020, de 14 de marzo, por el que se declara el estado de alarma para la gestión de la situación de crisis sanitaria ocasionada por el covid-19.

**Primeira : Actos preparatorios do procedemento de contratación.**

As actuacións preparatorias consistentes en actos de inicio, impulso, ordenación e instrución necesarios, internos e previos á fiscalización e aprobación de expedientes de contratación son actividades limitadas ao ámbito interno do propio Concello, polo que non existen nesa fase do procedemento terceiras persoas interesadas no sentido establecido no número 3 da Disposición Adicional Terceira do Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo.

Así mesmo, a aludida actividade interna preparatoria resulta de interese xeral, indispensable para o funcionamento básico dos servizos, dado que, por una parte, constitúen o presuposto fundamental para que se poida decidir a aprobación e publicación dos correspondentes expedientes de contratación, e, por outra banda, a actividade interna preparatoria dos expedientes citados que se poda realizar nestes momentos evitará posibles acumulacións de traballo, unha vez que se produza o levantamento da declaración do estado de alarma e da situación de emerxencia sanitaria, promovendo, por tanto, a eficacia e eficiencia da Administración e a satisfacción por esta do interese xeral in situ en tales expedientes. Concorren, pois, as razóns de protección de interese xeneral e de garantía do funcionamento básico dos servizos previstos no número 4 da Disposición Adicional Terceira do Real decreto 463/2020, de 14 de marzo.

Completada a tramitación interna dos expedientes consonte ao indicado, se estima preciso que se efectúe unha valoración das circunstancias concorrentes polo órgano de contratación, con carácter previo a súa fiscalización, aprobación polo órgano competente e consecuente publicidade, no seu caso, y transcendencia externa, nos termos que se expoñen a continuación.

**Segunda: Procedementos de contratación en tramitación.**

Na nota informativa emitida pola Xunta Consultiva de Contratación Administrativa del Estado ao respecto da Disposición Adicional Terceira, se partía da seguinte afirmación:

*"La correcta interpretación del citado precepto exige entender que, por su mandato, se produce la suspensión automática de todos los*

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMG14I00P	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i> 27-04-20 13:41

procedimientos de las entidades del sector público desde la entrada en vigor de la norma, cualquiera que sea su naturaleza y, en consecuencia, también de los propios de la contratación pública. Los procedimientos se reanudarán cuando desaparezca la situación que origina esta suspensión, esto es, la vigencia del estado de alarma”.

Tamén, en referencia á excepción da regra xeral, sinala: “sin perjuicio de lo dispuesto en los apartados anteriores, desde la entrada en vigor del presente real decreto, las entidades del sector público podrán acordar motivadamente la continuación de aquellos procedimientos administrativos que vengan referidos a situaciones estrechamente vinculadas a los hechos justificativos del estado de alarma, o que sean indispensables para la protección del interés general o para el funcionamiento básico de los servicios.”

Tendo isto en conta, a interpretación racional da Disposición adicional terceira do Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crisis sanitaria ocasionada polo COVID-19, sinala a Xunta Consultiva, “debería suponer necesariamente que la exención de la suspensión de los procedimientos referentes a los contratos públicos que son indispensables para la protección del interés general o para el funcionamiento básico de los servicios ha de alcanzar también al procedimiento para el análisis de las posibles irregularidades cometidas en su seno, es decir, al recurso especial en materia de contratación que contra el mismo proceda.”

Nesta mesma liña se manifesta a **Avogacía Xeral do Estado** no seu informe do 27/03 denominado Cuestiones sobre disposición adicional tercera del Real Decreto 463/2020 ao sinalar:

“No obstante, la regla general de suspensión de los procedimientos administrativos cuenta, en relación con su ámbito objetivo, con las siguientes excepciones, establecidas en los números tres y cuatro de la disposición adicional cuarta del Real Decreto 463/2020, transcrita ut supra: 1ª) “El órgano competente podrá acordar, mediante resolución motivada, las medidas de ordenación e instrucción estrictamente necesarias para evitar perjuicios graves en los derechos e intereses del interesado en el procedimiento y siempre que éste manifieste su conformidad, o cuando el interesado manifieste su conformidad con que no se suspenda el plazo”.

“Se trata ésta de una excepción que permite al órgano competente continuar el procedimiento en dos supuestos distintos:

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMG14100P	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i> 27-04-20 13:41

1º) El primero, sólo le permite adoptar medidas de ordenación del procedimiento (esto es, las previstas en los artículos 70 a 74 de la LPACAP) y medidas de instrucción de aquél (es decir, las reguladas en los artículos 75 a 83 de la LPACAP), pero no otro tipo de medidas (así, no podrá dictar resolución). Además, la adopción de las medidas sólo podrá hacerse cuando se cumplan dos requisitos:

a) que las medidas estén dirigidas a evitar perjuicios graves en los derechos e intereses del interesado en el procedimiento;

b) que el interesado preste su consentimiento. Concurriendo ambos requisitos, las medidas de ordenación e instrucción deberán limitarse a aquéllas que sean estrictamente necesarias para salvaguardar tales derechos e intereses.

Mediante esta regla se permite a la entidad en cada caso competente ordenar la continuación de los procedimientos administrativos en tres casos diferenciados:

1º) cuando se trate de procedimientos estrechamente vinculados a los hechos justificativos del estado de alarma;

2º) cuando se trate de procedimientos indispensables para la protección, ya no del interés particular del interesado en el procedimiento, sino del interés general; y

3º) cuando sean procedimientos indispensables para el funcionamiento básico de los servicios.

En todos estos casos, la autoridad competente podrá acordar motivadamente la continuación de los procedimientos sin necesidad de recabar la conformidad de los interesados en ellos.

2º) El segundo supuesto permite al órgano competente adoptar todo tipo de medidas (y no sólo de ordenación e instrucción), con el único requisito de que el interesado en el procedimiento manifieste su conformidad. En ambos casos, el concepto de interesado en el procedimiento vendrá determinado por lo dispuesto en el artículo 4 de la LPACAP. Además, como requisito común a ambos supuestos, la adopción de las medidas a que se refiere este apartado se hará mediante resolución motivada dictada por el órgano competente. "

**Terceira: Continuidade de procedementos de licitación ultimados e pendentes de adxudicación.**

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMG14I0OP	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i> 27-04-20 13:41

Sobre esta cuestión, a Avogacía Xeral do Estado, no informe arriba citado sinala:

*"...La disposición adicional tercera lo permite, de forma motivada. Como cuestión relacionada con la anterior (y que se nos consulta mucho), ¿hay que dar audiencia a todos los licitadores para acordar motivadamente la no suspensión? Entendemos que no. Hay que diferenciar los interesados en el procedimiento de contratación, que son todos los licitadores, y los interesados en la decisión de no suspensión, que en este caso, cuando el contrato está pendiente de adjudicación, sería solo el licitador propuesto como adjudicatario. Los demás licitadores podrán recurrir el acuerdo de adjudicación, ninguna indefensión se les causa por la decisión de no suspensión, en este estado de tramitación. Por lo demás, admitir que hubiera que dar audiencia a todos los licitadores implicaría admitir que con la mera oposición por parte de uno solo de ellos, la decisión de no suspensión de la Administración, hay que entender fundada en el interés público que subyace en el contrato, no podría llegar a adoptarse, lo que haría inútil y sin sentido la posibilidad que a tal efecto contempla la disposición adicional tercera del Real Decreto 463/2020."*

**Conclusiones:**

*Primeiro: O órgano de contratación, Xunta de Goberno Local, deberá declarar, mentres se manteña a declaración de estado de alarma e de situación de emerxencia sanitaria, de interese xeral e indispensables para o funcionamento básico dos servizos as actuacións internas de inicio, impulso, ordenación e instrución (incluída a petición e emisión de informes) integrantes dos expedientes de contratación previas aos actos de fiscalización e de aprobación, sempre que se podan realizar cos medios persoais dispoñibles.*

*Segundo: A estes efectos e respecto a cada expediente en particular, disporase, mediante resolución motivada, o inicio ou a continuación dos expedientes nos que se dean as circunstancias anteditas ata o momento procedimental sinalado, en base ao establecido nos números 3 y 4 da Disposición adicional terceira do Real decreto 463/2020, de 14 de marzo, por el que se declara el estado de alarma para la xestión de la situación de crisis sanitaria ocasionada por el COVID-19.*

*Terceiro: Unha vez completada a tramitación interna dos expedientes nos termos indicados, isto é, ata o momento previo á fiscalización e*



<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMG14100P	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i> 27-04-20 13:41

*á aprobación, deberá someterse a proposta de continuación de tales expedientes ao órgano de contratación que valorará efectivamente si están referidas a situacións estreitamente vinculadas aos feitos xustificativos do estado de alarma o por ser indispensables para a protección do interese xeral ou para o funcionamento básico dos servizos, de acordo co número 4 da disposición adicional terceira del Real decreto 463/2020, de 14 de marzo, e adoptará o acordo de continuidade, tendo en conta sempre a evolución da situación de crisis sanitaria, os créditos orzamentarios dispoñibles e a atención preferente das necesidades vitais e indispensables derivadas da emerxencia sanitaria."*

### III.- SOBRE A SUSPENSIÓN E RENOVACIÓN DOS PROCEDEMENTOS DE CONTRATACIÓN, E A SÚA APLICACIÓN AO CON/34/2018

A Disposición Adicional 3ª do Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, dispón o seguinte:

1. Suspéndense termos e interrómpanse os prazos para a tramitación dos procedementos das entidades do sector público. O cómputo dos prazos renovarase no momento en que perda vixencia o presente real decreto ou, no seu caso, as prórrogas do mesmo.
2. A suspensión de termos e a interrupción de prazos aplicarase a todo o sector público definido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
3. Non obstante o anterior, o órgano competente poderá acordar, mediante resolución motivada, as medidas de ordenación e instrución estritamente necesarias para evitar prexuízos graves nos dereitos e intereses do interesado no procedemento e sempre que este manifeste a súa conformidade, ou cando o interesado manifeste a súa conformidade con que non se suspenda o prazo.
4. Sen prexuízo do disposto nos apartados anteriores, desde a entrada en vigor do presente real decreto, as entidades do sector público poderán acordar motivadamente a continuación daqueles procedementos administrativos que veñan referidos a situacións estreitamente vinculadas aos feitos xustificativos do estado de alarma, ou que sexan indispensables para a



<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMG14I0OP	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i> 27-04-20 13:41

Sello o Certificación Mecánica

protección do interese xeral ou para o funcionamento básico dos servizos.

Sobre a posibilidade de dar inicio e continuidade aos expedientes de contratación durante a vixencia do estado de alarma, con data do 20.04.2020 a Xunta de Goberno Local ditou, en síntese, as seguintes Instrucións:

1. Os expedientes de contratación, na súa tramitación interna, continuarán adiante ata o momento en que deban ser aprobados polo órgano de contratación.
2. Chegados a ese punto, dito órgano deberá resolver sobre a súa suspensión ou continuación, atendendo aos supostos excepcionais sinalados no precepto transcrito (situacións directamente vinculadas aos feitos xustificativos do estado de alarma, indispensables para a protección do interese xeral, ou para o funcionamento básico dos servizos). A mesma resolución deberá adoptarse con respecto aos procedementos iniciados con anterioridade á declaración do estado de alarma. No suposto de aprobar a continuación, con indicación deste extremo na Plataforma de Contratación, disporase a apertura do procedemento de adxudicación.
3. As mesas de contratación, na medida do posible, celebraranse de forma telemática; convocándose, cando proceda, aos licitadores para que poidan asistir á sesión.

#### IV.- NORMATIVA DE APLICACIÓN:

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP)
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RXLC).
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007 de contratos do sector público
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).



<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMG14I0OP	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i> 27-04-20 13:41

Sello o Certificación Mecánica

- Real decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. (LPAC).
- Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRXSP).
- Real decreto-lei 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19.
- Instrucións sobre incoación e continuación dos expedientes de contratación, da Xunta de Goberno Local, do 20.04.2020.
- Restante normativa de xeral e concordante aplicación.

#### V.- XUSTIFICACIÓN:

A tramitación deste expediente responde a unha necesidade de interese xeral, por canto o servizo de limpeza das dependencias municipais se considera un servizo esencial de salubridade pública que garanta a saúde do persoal empregado municipal, pero tamén de todas as persoas usuarias dos diferentes servizos públicos que se ofrecen desde o concello.

Por conseguinte, consideramos que o CON/34/2018 é un dos expedientes que se encadra no suposto de "**indispensable para a protección do interese e salubridade xeral**" con base ao establecido nos números 3 e 4 da Disposición adicional terceira do Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19.

Este expediente ten por obxecto un contrato administrativo de servizos (artigos 17 e 25.1a da LCSP), cuxa adxudicación está prevista polo procedemento aberto ao abeiro do contemplado nos artigos 131 e 156 a 158 da LCSP, para facilitar a libre concorrência e os principios de non discriminación e de igualdade de trato entre todos os posibles licitadores, quedando excluída toda negociación dos temos do contrato cos licitadores.

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMG14I0OP	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i> 27-04-20 13:41

Correspóndelle á Xunta de Goberno Local, de conformidade co previsto na Disposición adicional segunda apartados 4 a 11 da LCSP, a aprobación do expediente e a apertura do procedemento de adxudicación, así como esta última.

En base a todo o anterior, e dado o carácter esencial e imprescindible dos servizos descritos PROPONSE ao órgano de contratación a **continuidade do expediente de contratación** "Servizo de limpeza nos edificios e instalacións dependentes do Concello de Santiago de Compostela (CON/34/2018)."


A Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela **acorda por unanimidade dos seus membros presentes:**

**Único.-** Acordar a continuación da tramitación do expediente de contratación do contrato "Servizo de limpeza nos edificios e instalacións dependentes do Concello de Santiago de Compostela (CON/34/2018)".

.../...

O CONCELLEIRO SECRETARIO DA XUNTA DE GOBERNO DA CIDADE DE SANTIAGO



  
Asdo: Gumerindo Guinarte Cabada